

ALMA VIVA

[Cristèle Alves, 2022, Portugal, 88 min., VOSE]

Lingua **Portugués e francés**

Dirección **Cristèle Alves**

Guión **Cristèle Alves e Laurent Lunetta**

Montaxe **Pierre Deschamps**

Fotografía **Rui Poças**

Música **Amine Bouhafa**

Son **Amaury Arboun, Ingrid Simon e Philippe Charbonnel**

Produción **Fluxus Films, Midas Films, Entre Chien et Loup**

Distribución **Paco Poch Cinema**

Como todos os anos, a pequena Salomé viaxa até a aldea da súa familia en Trás-os-Montes. O período estival arranca con tranquilidade ata que a súa querida avoa falece de súpeto. Mentres os adultos discuten pola organización do funeral, Salomé comeza a sentir o poder das tradicións que aprendeu da súa avoa antes de falecer.

VINDEIRAS SESIÓNS

Martes 19

CERRAR LOS OJOS

(Víctor Erice, 2022, España, 169 min., VO)

Luns de Filmoteca #51

18.3.2024



ALMA VIVA

CRISTÈLE ALVES

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA | FILMOTECA DE GALICIA

ENTREVISTA A CRISTÈLE ALVES

Fálanos das orixes do proxecto. O proxecto naceu do sentimento de inxustiza que me provocou a morte da miña avoa materna. Tiña vinte e tantos anos e vin os meus tíos e tías pelexaren por unha vulgar cuestión de cartos. Aínda non estaba enterrada e xa discutiamos sobre quen ía pagar a súa lápida. Durante dous anos estivo sen sepultar. Algo tan brutal nas relacións humanas bateu en min até o punto de querer facer un filme sobre o tema. Precisaba comprender que cousa podía conducir a isto. Desta historia persoal, só queda unha escena no filme. A miña atención centrouse axiña na relación dunha avoa coa súa neta. Unha historia de amor entre dúas xeracións de mulleres, unha do pasado e outra do presente, unidas para sempre por un poderoso legado.

Este legado, que é para ti? Hai un renovado interese polos rituais, a maxia e as supersticións. Estes contos de bruxas, doutros tempos, seguen a provocar a nosa imaxinación, mais ás veces interprétase mal a fascinación que espertan. *Alma viva* non é un filme de xénero. É un filme sobre o campo, case antropolóxico, inspirado en experiencias reais da bruxaría coas que tiveron un estreito contacto. Pasei a miña infancia escoitando historias de mala sorte e maldicións. Medrei co ocultismo, con mulleres que son grandes místicas, que cren no poder das plantas e dos espíritos. Con rituais que se practican secretamente, falar deles é tabú. Ao principio sentín medo de abordar este tema no cinema, de darlle visibilidade. Non sabía se tiña dereito a facer iso, porque sempre vin a xente falar diso ás agachadas. A maxia fascina tanto como asusta. Conto crenzas vivas aínda hoxe, que se transmiten de xeración en xeración, mais que adoitan contarse nun ambiente privado e íntimo. Arredor destas montañas florecen lendas que animan veladas arredor do lume. Son poderosas e misteriosas historias que se contan na intimidade da cociña. Forman parte da memoria arcaica da cultura portuguesa. Poñer a miña mirada no mundo rural do Portugal interior, nesta rexión de Trás-os-Montes é para min unha maneira de transmitir todo isto.

Por que son as mulleres as que teñen este poder? Aínda que existen bruxos, na súa maioría son as mulleres as que foron (e seguen a ser) acusadas de bruxaría. Os tempos mudaron, sen dúbida, e xa non se trata de as queimar, mais séguese desconfiando delas. Seguen a intrigarnos, a nos xerar medo mais tamén admiración. Na época da miña avoa (baixo o réxime ditatorial de Salazar), ser bruxa era sobre todo unha maneira de ter poder nunha sociedade en que pobres e mulleres non tiñan dereitos. Era unha maneira de existiren, de seren respectadas. A avoa de Salomé preocupábase por lle transmitir os seus coñecementos ancestrais e secretos á súa neta, cunha mensaxe de emancipación. O pobo acúsaa de diaño porque non se axusta ao modelo de rapaza amable que a sociedade lles impón ás mulleres. Racha coa orde establecida e libérase dos seus límites.

Hai unha certa franqueza nesta familia, confrontacións que nos mergullan case nun ambiente do Oeste. Cal é a túa visión da emigración portuguesa? Na familia de Salomé, coma noutras moitas familias portuguesas, hai quen emigrou a Francia (e a outras partes do mundo) en busca de progreso económico e social, e quen (menos) quedou na aldea para coidar dos pais anciáns. Moitas familias dividíronse para fuxir de certa precariedade, movidas pola fantasía dunha vida mellor. O tío Joaquim está orgulloso de volver á aldea para fachendear da súa riqueza: o seu coche, a piscina, a moza francesa. Malia o seu aire rimbombante e machista ou o seu lado materialista, consegue entenrecernos porque os seus excesos son unha resposta a todo o que non tivo na infancia. Existe un complexo de inferioridade entre os que quedaron na aldea e un sentimento de culpa entre os que marcharon para enriquecérense. Igual ca Salomé, eu pasei todas as miñas vacacións en Portugal, volví cada ano. Todos os actores que interveñen son da miña aldea e arredores. A maioría son actores non profesionais, coñézoos ben. Escollinos polo que son, persoas espontáneas cun gran corazón ás que non hai que amolar moito! Esta franqueza, esta excentricidade, esta brutalidade que emana das relacións entre personaxes achéganse á imaxe que eu teño desta rexión. Para min parece a unha zona sen lei, cunha dimensión mítica próxima ao western que provén da herdanza celta, das terras arrasadas, as lendas urbanas coas súas guerras veciñais e axustes de contas.

Rodaches na túa aldea, coa túa propia filla no papel protagonista. Traballar en familia é unha experiencia especial? Nunca pensara en traballar coa miña filla nesta longametraxe. No guión, a protagonista tiña 11 anos. Pasei moito tempo vendo outras nenas en castings. Pero Lua (a miña filla) tivo o desexo de actuar. E non darlle a oportunidade pareceume inxusto. Así que aceptei rodar con ela. Foi unha tarefa ardua tomar a decisión pero Lua impúxose, agarrou o papel con total naturalidade. Fíxose evidente que era para ela, así que rexuvenecemos a personaxe. Ademais de mostrar madurez, un gusto incondicional por actuar e unha grande intelixencia emocional, coñece moi ben a aldea e as persoas que a habitan. Estivo alí desde que naceu e fala francés e portugués. Foi o mellor que nos puido pasar. Todo se moveu nun terreo familiar, en total confianza, impulsado polo desexo de contar esta historia. A xente da rexión estaba orgullosa coa idea de poder mostrarlle ao mundo a riqueza da súa cultura. Filmar coa familia foi unha fermosa aventura, aínda que na rodaxe houbo sobresaltos. Introducírmonos no mundo da bruxaría non estivo exento de perigos!

Recollido do preesbook do filme.

Tradución ao galego: Cineclubes Pontevedra.